



Expediente IET: P-20-663
Proxecto: Parque eólico Seselle
Concello: Oza-Cesuras (A Coruña)
Promotor: Galenergy, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

Por medio dun escrito que tivo entrada o 16/11/2020 no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, somete a informe o estudo de impacto ambiental e a documentación do proxecto referido no encabezamento, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, de acordo co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

1. Marco legal:

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o órgano substantivo debe consultar ás Administracións públicas afectadas, poñendo á súa disposición o estudo de impacto ambiental e a documentación do proxecto que se somete a avaliación. Conforme ao artigo 5 da Lei 21/2013, entre as Administracións afectadas atópanse as que teñen competencia específica en materia de paisaxe.

Este informe emítese de acordo co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e co artigo 32 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio), en relación coas competencias establecidas no artigo 10 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, na redacción establecida pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do artigo 28 dos estatutos do Instituto de Estudos do Territorio, aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, na redacción establecida polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 25 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

2. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Seselle, de 35 MW, composto por 7 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe,



gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, subestación transformadora, edificio de control e torre meteorolóxica). As máquinas terán 5 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 127,5 metros e 145 metros de diámetro de rotor. A lonxitude total dos camiños é de 10.324 metros, dos cales 5.021 metros corresponden a camiños de nova construción, 4.843 metros a pistas existentes a acondicionar e 460 metros sobre os que non se realizará ningunha acción ao estar o firme en boas condicións. Ademais, para o acceso á torre meteorolóxica, de 127,5 metros de altura, e necesario a apertura dun camiño de 307 metros. O ancho da plataforma das vías será de 6 metros. Proxéctanse un total de 8.293 metros de gabias das cales 6.653 metros aproximadamente, correspóndense con gabias paralelas a pistas e os 1.640 metros restantes discorren cruzando calzadas ou por camiños e cortallumes existentes. A subestación ocupará unha superficie de aproximadamente 100 x 50 m² onde o edificio de control terá unhas dimensións de 25,90 x 10 metros en planta e unha altura de 3,50 metros. Os cerramentos do mesmo será de ladrillo revestido de morteiro e un aplacado de pedra nas fachadas ata os 0.70 metros de altura. A carpintería exterior será metálica galvanizada con ventás de aluminio lacado en cor e a cuberta de lousa. A enerxía producida evacuarase dende a subestación do parque mediante unha liña de alta tensión, que non é obxecto deste proxecto, compartida con outros parques eólicos próximos.

O parque eólico localízase integramente no ámbito da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento anexo.

3. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), o lugar no que se proxecta a actuación localízase na grande área paisaxística Golfo Ártabro, na comarca paisaxística Golfo Ártabro Interior.

As áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) máis próximas ao proxecto son a AEIP-10-08 Fragas do Mandeo, localizada a uns 7,5 km ao norte, e a AEIP-07-01 Fraga das Barbudas e Val do Cambás, a uns 8,7 km ao nordés. Respecto aos miradoiros, os máis próximos son o Mirador de Bandoxa, situado a uns 1,3 km ao norte, e o Mirador de Rodeiro, a uns 1,7 km ao nordés. Máis lonxe, nun radio de 9 km aparecen o Miradoiro de Enxameado, ao sueste, o de A Espenuca ao norte, e o Miradoiro de Monte Medela ao oeste.

En relación a outros elementos do Catálogo, os Camiños de Santiago, Camiño Inglés e o Camiño do Norte. Ruta da Costa, sitúanse a unha distancia duns 8,5 km ao noroeste e a 13 km ao sueste, respectivamente.

De acordo co Catálogo das paisaxes, as infraestruturas do parque eólico atópanse en zonas de visibilidade baixa e media.

As infraestruturas do parque localízanse nunha zona de relevo ondulado con montes de cumios redondeados e pendentes suaves. Neste territorio abundan as repoboacións forestais de eucaliptos e piñeiros combinadas con zonas de prados e outras de matogueiras. As masas de frondosas autóctonas aparecen asociadas ás canles fluviais de pequenos regatos. Nas zonas baixas dispérsanse os núcleos rurais, de pequeno tamaño, configurándose ao redor deles un mosaico agrario de cultivos e prados. As principais vías de comunicación da contorna son a autovía A-6, as estradas nacionais N-VI e N-634, situadas nun radio de 6 km de distancia do parque eólico. Máis próximas discorren as estradas autonómicas AC-840 e a AC-230, a cal serve de acceso ao parque, e as provinciais DP-3203 e DP-6302.





4. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP do proxecto consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia, analízase a calidade e a fragilidade visual, descríbense as características básicas do proxecto, calcúlanse as cuncas visuais dos aeroxeradores analizando a incidencia visual sobre as vías de comunicación, núcleos de poboación, distintos elementos do patrimonio natural e cultural, o Camiño de Santiago, miradoiros, rutas de sendeirismo e áreas de especial interese paisaxístico. O dito estudo apóiase en fotomontaxes realizadas sobre fotografías reais dende distintas localizacións. Inclúese un capítulo no que se fai referencia ao borrador das Directrices de paisaxe de Galicia, incorporando ao proxecto aquelas normas e recomendacións que lle serían de aplicación ao proxecto. Finalmente, identifícanse e valóranse os impactos e se describen as medidas de integración paisaxística propostas para minimizalos.

O contido do EIIP está de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 7/2008, e cos artigos 25 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, polo que formalmente pode considerarse completo e axeitado á entidade do proxecto.

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza dos aeroxeradores en zonas elevadas, o que lle confire unha alta visibilidade debido á súa posición dominante no relevo. Respecto ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cabe indicar que o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico, nin afecta a lugares de especial interese paisaxístico nin a rutas de sendeirismo. En relación aos miradoiros, as infraestruturas do parque situadas no sector occidental, serán potencialmente visibles dende o miradoiro de Bandoxa, se ben non son de esperar impactos significativos dada a presenza nas inmediacións deste lugar de masas arbóreas que amortecen a visibilidade.

Outros impactos visuais produciranse debido á distancia á que se sitúa o parque respecto aos núcleos de poboación, posto que existen numerosos asentamentos a menos dun quilómetro das infraestruturas. O núcleo de Oza dos Ríos sitúase a uns 3,5 km ao norte da máquina máis próxima, os de Curtis e Cesuras a uns 4,5 km ao sur e oeste, respectivamente, e o de Teixeira a uns 7,5 km ao sueste. Os aeroxeradores do parque serán visibles total ou parcialmente dende a autovía A-6, a estrada nacional N-VI, e principalmente dende a AC-840 e a AC-230, onde as máquinas se sitúan preto do trazado das vías, e dende as poboacións próximas, provocando unha certa incidencia paisaxística dadas as dimensións que acadan os aeroxeradores e a súa localización nas elevacións que conforman os fondos escénicos dos núcleos.

Ademais, poden producirse impactos paisaxísticos derivados da existencia doutros proxectos eólicos na contorna próxima, posto que, segundo a web do Rexistro eólico de Galicia, localízanse outros cinco parques en tramitación a unha distancia de 5 km a algún dos aeroxeradores.

O proxecto expón unha serie de medidas de integración paisaxística as cales están en relación coas normas e recomendacións recollidas no borrador das Directrices de Paisaxe de Galicia, ademais de presentar un plan de restauración encamiñado á recuperación das áreas afectadas pola execución das obras do parque.

5. Conclusión:

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido axústase formalmente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 25 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.



Os principais impactos sobre a paisaxe derivan dos efectos sinérxicos que se producen pola existencia doutros proxectos eólicos na contorna e da proximidade dos aeroxeradores aos núcleos de poboación e ás vías de comunicación máis importantes que discorren polo ámbito do parque como son a autovía A-6, a estrada nacional N-VI e as estradas autonómicas AC-230 e AC-840.

As medidas de integración paisaxística previstas poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar os impactos do proxecto, se ben para asegurar unha mellor integración paisaxística recoméndanse adoptar as seguintes:

- En relación aos camiños proxectados de acceso ás infraestruturas do parque, en xeral adáptanse aos existentes no lugar de emprazamento. En todo caso, para minimizar a apertura e a lonxitude de novos trazados no territorio, de ser posible tecnicamente, deberase valorar a opción de acceder ao aeroxerador número 1 seguindo a pista asfaltada que discorre ao sur desta posición e dende a cal se accederá á subestación do parque.
- Respecto á subestación, localízase nunha contorna con plantacións forestais que mitigan a visibilidade. No caso de que non se manteñan estas plantacións, recoméndase plantar unha barreira vexetal no perímetro da infraestrutura, realizada con especies arbóreas ou arbustivas autóctonas e propias da zona, para atenuar a súa visibilidade. Ademais, en relación á cuberta, debería empregarse tella en vez de lousa, posto que é o material máis utilizado nas construcións rurais da contorna. Para asegurar unha adecuada integración paisaxística da instalación, recoméndase aplicar os criterios da *Guía de cor e materiais* dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Francisco Barea Paz

(Documento asinado electronicamente)

